



## DECLARACIÓN ELA-CIG

ELA e CIG queremos manifestar o noso rexeitamento á nova reforma laboral decidida no ámbito do Estado Español, tanto pola forma na que a dita reforma se xestou como polos seus contidos totalmente regresivos.

- **CRISE ESTRUCTURAL DO DIÁLOGO SOCIAL:** O proceso de “diálogo social” que se desenvolveu para abordar a reforma tiña un obxectivo marcado de antemán: recortar os dereitos laborais. Os documentos públicos do Goberno (o primeiro, do 5 de febreiro) así o confirmaban. Cando Zapatero dixo que “faría os axustes custe o que custe” e que “na reforma laboral se tocarían aspectos esenciais” era claro que a gran beneficiada sería a patronal. Desde esa realidade o deseño do “diálogo social” que se realizou supuxo un factor de control social e desmobilización evidente. Nese “diálogo social” preténdese dar a falsa imaxe de que as responsabilidades son compartidas, cando en realidade a xestión das consecuencias da crise se decide de xeito acordado entre os gobernos, a patronal e os poderes financeiros.
- **PROCESO SUMARÍSIMO CONTRA OS DEREITOS LABORAIS:** O Goberno español decidiu, unha vez máis, impor unha reforma laboral vía Real Decreto Lei, un mecanismo reservado para situacións límite ou urxentes. Ese procedemento utilízase para evitar o debate, a participación e a confrontación social. Tras dar por pechada a mesa de “diálogo social”, o Goberno buscou o acordo coas posicións máis reaccionarias, empeorou sensibelmente o texto inicial e asegurou, aos que permitiron que o RDL se tramite como proxecto de lei, que nese trámite aínda poden recortarse máis dereitos. No Parlamento, e coa colaboración desas forzas políticas, abriuse un “mercado persa” de transaccións que ten por obxecto único lesionar gravemente os dereitos laborais. A decisión de pechar o debate en pleno período do verán (habilitando xullo e agosto para levar a efecto ese atropelo) é unha mostra máis de como se xoga cos dereitos da xente.

- **EVIDENTE RISCO DE QUE EMPEORE:** Os apoios logrados polo Goberno para que a Reforma vaia adiante auguran un empeoramento da mesma.
  
- **CONTIDOS NEGATIVOS MÁIS SALIENTÁBEIS:**
  - **Os contidos concretos**
    - As medidas aprobadas supoñen facilitar e abaratar o despedimento para todos os traballadores e traballadoras que teñen un contrato indefinido. Ademais, apróbase a subvención pública para parte destes despedimentos. Son múltiples as empresas que xa decidiron aplicar a reforma para despedir, individual ou colectivamente, o seu persoal.
    - A reforma ataca a esencia da negociación colectiva, ao facilitar que as empresas queden exentas da aplicación dos convenios colectivos, en especial no que fai referencia ao salario. Tamén se avanza na posibilidade de que os empresarios, sen acordo coa representación sindical, realicen modificacións substanciais das condicións de traballo.
    - A reforma abre novas portas ao negocio empresarial coa intermediación no emprego. Para iso, legalízanse as axencias privadas de colocación con ánimo de lucro, e elimínanse a práctica totalidade das restricións á actuación das Empresas de Traballo Temporal (ETTs), co aumento do risco de sufrir un accidente laboral que iso leva. Cómpre lembrar sobre este particular que no último convenio de ETTs se acordaba instar as autoridades para que se eliminasen os obstáculos para que as ETTs puidesen entrar nos ámbitos que tiñan vedados (Administración Pública e Construción). Ese convenio foi acordado con CCOO e UGT.
    - CIG e ELA queremos resaltar que ao longo do proceso de negociación da reforma laboral, realizado en segredo, saíu a relucir o compromiso da patronal, CCOO e UGT de acordaren unha nova estrutura da negociación colectiva. Non é a primeira vez que se realiza este intento de centralizar a negociación colectiva, para eliminar ou reducir á súa mínima expresión os convenios sectoriais territoriais. Ambos os sindicatos consideramos que sería moi grave que se negase ou limitase aos traballadores e traballadoras de Galiza ou de Hego Euskal Herria o dereito a decidir que e onde negociar. Implicaría, ademais, afastar e dificultar a participación na negociación colectiva da gran maioría dos traballadores e traballadoras, pertencentes á pequena empresa, co retroceso nas súas condicións laborais que iso suporía co tempo.

- **Un diagnóstico falseado**
  - **Prémíase a fraude na contratación.** Do mesmo xeito que nas reformas anteriores, a temporalidade en fraude, consentida pola nula vontade das administracións laborais en perseguida, volveuse utilizar como escusa para atacar os elementos de protección da relación laboral.
  - **Falsidades repetidas.** Son varias as falsidades utilizadas para xustificar a reforma. A primeira é que se creará emprego. Non é verdade; a reforma non suporá nin un emprego novo. Ao contrario, servirá para destruír máis postos de traballo en época de crise. A segunda mentira é que despedir é difícil e caro. En realidade, o despedimento é libre, e non debe ser moi caro vendo a facilidade coa que se destruíron moitos máis empregos que en ningún outro sitio de Europa. Estas e outras falsidades foron estendidas polos denominados “expertos”, un colectivo moi ben identificado ao que lle é imposible agochar a súa ligazón estreita co mundo empresarial e financeiro.
  - **O obxectivo real** dos recortes é mellorar a conta de resultados das empresas, dando moito máis poder ao empresario. É inaceptábel que se fale de “cambio de modelo produtivo” cando a aposta da reforma se concreta en aumentar a precariedade.
- **LEXISLACIÓN BÁSICA ESTATAL.** Nos nosos países aplícase a lexislación laboral decidida no Estado español, o que supón a aplicación dun modelo de reforma permanente, na que, como se mencionou, os recortes de dereitos conxúganse coa ameaza de recorte das nosas posibilidades de negociación colectiva. Este modelo é moi prexudicial para a clase traballadora.

**Por todo iso, ELA e CIG declaramos que:**

- Facemos un chamamento aos grupos parlamentarios a rexeitaren a reforma laboral que se está tramitando neste momento no Parlamento español, por supor un grave retroceso dos dereitos da clase traballadora.
- Non son as rixideces do mercado laboral, nin os salarios, nin o custo do despedimento, nin a estrutura da negociación colectiva, nin o gasto social, as causas que nos levaron a esta crise económica; xa que logo, é unha mentira e unha hipocrísia presentar estas medidas de recorte de dereitos e do gasto social como a solución para a devandita crise.
- A causa da crise está no fomento dunha economía ficticia, especulativa, que parasita a economía produtiva, xunto coas políticas neoliberais seguidas nos últimos anos: redución da presión fiscal ás rendas máis altas e ao capital; privatización de todo o sector público (industrial e financeiro); precarización do mercado laboral e recorte do poder

adquisitivo dos salarios. É, pois, mediante unha reforma fiscal profunda, a eliminación da fraude fiscal e dos paraísos fiscais, o incremento do gasto social, a mellora dos salarios, a creación dunha banca pública, o apoio á economía produtiva e o cambio do modelo produtivo, como podemos levar adiante realmente políticas que conduzan a unha saída real da crise favorábel aos intereses da maioría social.

- Reclamamos capacidade lexislativa plena para decidir nos nosos ámbitos territoriais os dereitos laborais e sociais. Esiximos o respecto ás decisións adoptadas nos nosos pobos.
- Renovamos o noso compromiso por un modelo sindical de contrapoder, que esixe un cambio radical das políticas públicas e da forma de actuar dos empresarios. É imprescindible reafirmar un modelo reivindicativo orientado a unha repartición máis xusto da riqueza, e iso só é posíbel mediante a sensibilización social, a formulación de alternativas nos diversos eidos de traballo e a mobilización da clase traballadora.

Madrid, 21 de xullo de 2010